



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xabier Rón Fernández**, **Ramón Vázquez Díaz**, **Juan Manuel Fajardo Recouso**, **Xosé Manuel Beiras Torrado** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en apoio ás demandas dos farmacéuticos inspectores da Saúde Pública e os controis sobre a calidade das augas de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os sindicatos CC.OO., CIG, CSIF e UXT convocaron a partir deste mércores, día 18, folga indefinida no colectivo de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública para reclamar á Xunta a apertura dunha mesa de negociación para acadar un acordo que evite a redución das inspeccións sanitarias e asegure que os programas sanitarios cumpran cunha periodicidade de revisións que permita garantir que os usuarios teñen unha auga en boas condicións.

Dende AGE apoiamos as reivindicacións trasladadas á Xunta e á Consellería de Sanidade polas traballadoras do corpo de inspección farmacéutica e esiximos que estas demandas sexan recollidas e atendidas, para revertir o progresivo deterioro no servizos de inspección sobre a calidade das augas de Galicia.

Denunciamos que a pesar de que no deseño orixinal do corpo de inspectores de farmacéuticos de saúde pública estableceuse unha relación de postos de traballo de cen prazas, o máximo de traballadores habilitados en Galicia foi de 82 no ano 2008. De feito, neste 2016 o corpo é de unicamente 62 profesionais, cun número de establecementos a revisar que acada os nove mil, entre augas de traída e veciñal de colexios, torres de refrixeración, piscinas, praias, albergues do Camiño, centros de tatuaxe ou sistemas de auga quente en hoteis, hospitais ou residencias. Un dos exemplos da redución da periodicidade das inspeccións é a dos colexios do rural que teñen auga de traída veciñal ou dun pozo. No ano 2009 visitábase cada semana todos os colexios e recollíanse seis mostras ao ano en cada un. Agora fanse unha ou dúas visitas ao ano, con recollida de mostras en función do risco.

Compartimos, como non podería ser doutra forma, a reivindicación dos farmacéuticos sobre a insuficiencia de horarios e medios materiais. Constitúe unha irresponsabilidade da administración que non existan quendas de tarde, nin nos fins de semana ou os festivos, xa que complica sobre maneira a actuación en caso de alerta sanitaria e deixa á poboación desatendida. Da mesma forma, os equipos obsoletos, a ausencia de kits para determinar parámetros obrigatorios como turbiedade, ou a falla de vixilancia sanitaria fora de horario, supoñen unha agresión contra as posibilidades do corpo para prestar un servizo de inspección de calidade.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:

Primeiro-. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á apertura dunha mesa de negociación na que se responda ás demandas do colectivo de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública e se asegure un servizo que acade os parámetros de calidade necesarios para atender ao conxunto da poboación galega.

Segundo.- O Parlamento de Galicia empra a Xunta de Galicia a prover dunha asignación de recursos humanos e económicos axeitados aos farmacéuticos inspectores de Saúde Pública, de cara a asegurar que este corpo poida cumprir coa periodicidade de inspección establecida nos programas sanitarios.

Terceiro.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á ampliación dos servizos de inspección farmacéutica da Saúde Pública ao horario de tarde, fins de semana e festivos, ao fin de asegurar capacidade de intervención rápida deste corpo ante unha posible alerta sanitaria.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 18/05/2016 13:45:34

Jose Javier Ron Fernandez na data 18/05/2016 13:45:42

Ramón Vázquez Díaz na data 18/05/2016 13:45:52

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/05/2016 13:46:00

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/05/2016 13:46:07

Anton Sánchez García na data 18/05/2016 13:46:12